

# II MOSTRA do POSSIBLE

*Alternativas para un mundo mellor*

dende a Economía Social e Solidaria e os Movementos Sociais de Galicia

Cangas do Morrazo 6 e 7 outubro 2018



# Qué é a Mostra do Posible?

A Mostra do Posible é un encontro de entidades de Economía Social e Solidaria e Movementos Sociais mediante o que se pretende visibilizar que existen alternativas para construír entre todas un mundo máis xusto

As empresas de Economía Social e Solidaria permiten que hoxe en día podamos satisfacer as nosas necesidades cotiás contribuíndo a creación dun mundo máis xusto. Amosamos que é posible cooperar en lugar de competir

Os Movementos Sociais buscan influír na toma de decisións sobre o que é de todas, defendendo que outro tipo de políticas públicas son posibles.

Ademais, en eles reside a creatividade e a experiencia doutros xeitos de organización colectiva



# Cales son os obxectivos ?

**Visibilizar que existen alternativas reais**, sociais e democráticas para os diferentes ámbitos da vida cotiá dende a Economía Social e Solidaria e os Movementos Sociais

**Prestarlle especial atención ao rural galego**

**Axudar a crear vínculos** entre os diversos colectivos participantes e, especificamente, avanzar na construción dun **Mercado Social Galego**



# Cal foi o balance da MdP17?

Realizouse tamén en **Cangas do Morrazo** durante a fin de semana do 7 e 8 de outubro de 2017

Participaron **54 entidades** pertencentes á Economía Social e Solidaria ou aos Movementos Sociais galegos

Realizáronse **23 actividades**: 6 palestras, 2 charlas, 2 presentacións, 3 obradoiros, 3 encontros, 4 concertos, 2 actividades para as crianzas e 1 exposición fotográfica

Esa fin de semana participaron ata **36 postos** na feira de **expositores**

# Espazos na MdP18?

**Feira de colectivos.** Espazo dirixido a entidades de ESS e movementos sociais interesados en situar un posto informativo ou comercial

**Espazo das iniciativas rurais.** Espazo diferenciado para visibilizar iniciativas xurdidas no rural que comparten valores de transformación social

**Actividades.** Voltarán a organizarse obradoiros, palestras, charlas, presentacións... con especial atención á creación de vínculos e sinerxias entre entidades e á formación



# Quen pode participar na MdP18?

O encontro vai dirixido a **Movimentos Sociais** e entidades de **Economía Social e Solidaria**

Priorizarase a presenza das entidades que traballan dende o colectivo fronte as que traballan dende o individual. Por outra banda, priorizaranse as que están implantadas a nivel local e as que representan a grupos de colectivos a nivel galego



# En que datas e horarios vai ser?

A Mostra do Posible 2018 vai ser o  
sábado 6 e domingo 7 de outubro

Nun horario aproximado de 10:00h. ás 20:00h. Os horarios definitivos estableceranse unha vez pechadas tódalas actividades previstas





# Qué custo ten participar na MdP18?



A participación como expositor ou en calqueira outra actividade **é gratuíta**

A organización destas xornadas **non ten ánimo de lucro** e pretende que a Mostra do Posible se autofinancie. Con ese fin, os colectivos poden facer unha achega voluntaria para colaborar en sufragar os gastos. Propoñemos 30€ como cantidade básica de colaboración

A organización da MdP18 poderá dar algún espazo especial nos seus medios de difusión a entidades que polo seu destacado aporte, sexa económico ou doutra índole, faciliten a realización desta nova edición

# Qué boa idea!! Contade con nos!! Qué temos que facer para participar?

Escribídenos ao [mostradoposible@gmail.com](mailto:mostradoposible@gmail.com)  
antes do 3 de setembro

Tendes que dicirnos qué días ides participar  
na MdP18 e os vosos datos de contacto



A organización habilitará unicamente os espazos  
expositivos e os que sexan precisos para a realización das actividades.  
Os materiais como: toldos, mesas, cadeiras, parasoles, etc para montar  
os postos os traerán as entidades participantes



[www.mostradoposible.gal](http://www.mostradoposible.gal)

colaboran:



**Concello de Cangas**



organiza:

